




Que me dis de...**COMO MELLORAR O MEU COMPORTAMENTO**

(fragmento)

Autores: Carmen Pastor Gimeno, Francisco Xavier Méndez Carrillo e Juan Sevillà Carrasco
Nova Galicia Edicións 2005



A quenlla asusta aos demais, enfádase rapidamente, sempre cre ter razón e obriga aos demais a que pensen como ela. Hai poucos peixes que queiran ser os seus amigos.



O golfinho, aínda que ás veces se pon un chisco nervioso, non se acovarda, di o que pensa e sente, incluída a súa opinión. É sincero e firme, sen ser groseiro. Todos os peixes o queren.



A lura asústase, escapa, evita, non di o que pensa, nin como se sente, dá moitas escusas, non expresa a súa opinión e, ás veces, ten a sensación de que lle toman o pelo (os tentáculos).